

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en xestión administrativa.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, correspondente ao exercicio de 2009
- Acordo polo que se toma razón do escrito conxunto da Caixa de Aforros de Galicia (Caixa Galicia) e da Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova), no que solicitan ao Consello da Xunta de Galicia que autorice a fusión entre ambas entidades mediante a creación dunha nova caixa de aforros, e dáse traslado do mesmo ao Parlamento de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza o texto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos de Santiago, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela por importe de 8.879.130,00 €; e os gastos plurianuais derivados do previsto no referido convenio.
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dezaioito millóns setenta e seis mil seiscentos trinta e nove euros con noventa e catro céntimos (18.076.639,94 €), para levar a cabo as obras de construción do centro cultural - auditorio de Lugo.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a construción de beirarrúas en Bamio, Cornazo e Solobeira, por un importe de novecientos vinte e oito mil trescentos vinte e catro e corenta e nove céntimos (928.324,49 €).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de cinco (5) anos de vixencia na concesión dun aval, por un importe máximo de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), a *PESQUERIAS SAHORTA, S.L.*, expediente nº AV/0468.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e excepcionar a solicitante da achega de garantías reais suficientes na concesión dun aval, por un importe máximo de catrocentos vinte mil euros (420.000,00 €), a *VIDRIO ORENSE, S.L.* Expediente nº AV/0598.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o Clúster Audiovisual Galego, para o apoio ás iniciativas de dinamización, innovación, desenvolvemento tecnolóxico, formación e internacionalización do sector do audiovisual galego do trienio 2010-2012, por importe de douscentos corenta e dous mil noventa e catro con sete euros (242.094,07€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda, para a execución do proxecto de ampliación do polígono industrial do Acevedo, 3ª Fase, en Cerceda, por importe de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Cerceda, para a execución do proxecto de ampliación do parque acuático de Cerceda, por un importe de seiscentos mil euros (600.000,00 €)

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, o Instituto de Turismo de España (Turespaña), a Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das Comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras e a Asociación de Empresarios de Turismo e a Asociación de Empresarios de Turismo e Hostelería de Galicia para o desenvolvemento do Plan de Competitividade Turística de "Portas de Galicia", por

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

importe de oitocentos trinta e tres mil trescentos trinta e catro euros (833.334,00 €).

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe de situación das listas de espera.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre ocupación hoteleira do mes de setembro do 2010 e resumo de xaneiro a setembro de 2010.

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ADAPTA O CURRÍCULO DE TÉCNICO EN XESTIÓN ADMINISTRATIVA Á LEI DE CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto para a adaptación deste ciclo de grao medio*
- *Nesta lexislatura xa están aprobados 28 novos decretos para modernizar os títulos de FP*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á aprobación do decreto para a adaptación do currículo do ciclo de grao medio correspondente ao título de técnico en xestión administrativa á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións. Deste xeito, a Consellería de Educación ten xa adaptado 28 currículos nesta lexislatura, quedando estes tamén harmonizados co Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Ademais, aprobou un novo decreto para regular a FP e modernizala, incluíndo nestes as novas tecnoloxías e as linguas estranxeiras. Deste xeito dáse pulo a unha FP que facilita a posterior empregabilidade dos futuros titulados nos diferentes campos profesionais; que xa de por si acadan altas taxas de inserción laboral.

### **Prácticas e prevención de riscos**

A partir desta adaptación, estes ciclos formativos pasan a ter unha duración de 2000 horas. Ademais equipáranse ao nivel europeo e, neste caso, o ciclo LOXSE que se substitúe tiña unha duración de 1.300 horas. Agora inclúese un módulo de formación en centros de traballo co cal os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Por outra banda, e co fin de facilitar a mobilidade desde a FP cara a outros estudos, nos novos currículos queda establecida a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA DE GALICIA PECHOU O ANO 2009 CUMPRINDO O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO 1% DO PIB**

- *Galicia rematou o pasado exercicio sendo unha das poucas comunidades autónomas que cumpriu con este obxectivo en termos de contabilidade nacional*

A Xunta de Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que cumpriu no ano 2009 o obxectivo previsto de estabilidade orzamentaria fixado no 1% do PIB, tal e como xa fora avanzado no informe preliminar presentado ao Consello da Xunta en febreiro deste ano.

Con base nos datos provisionais do 31 de decembro de 2009, a Consellería de Facenda xa puxera de manifesto daquela que a Comunidade galega cumpriría o obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para ese exercicio.

Así se desprende da conta xeral correspondente ao pasado ano, presentada hoxe pola conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, na reunión semanal do Executivo galego, na que se sinala que Galicia rematou o exercicio 2009 cun déficit dentro dos parámetros fixados polo Consello de Política Fiscal e Financeira.

A conta xeral, logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia, será remitida ao Parlamento e ao Consello de Contas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA ABORDOU A SOLICITUDE DE CAIXA GALICIA E CAIXANOVA PARA A AUTORIZACIÓN DA FUSIÓN**

- *O Executivo autonómico a remitirá ao Parlamento de Galicia para ser oída a Cámara antes de que o Consello se pronuncie sobre a unión de ambas entidades*

O Consello da Xunta de Galicia abordou hoxe a solicitude remitida por Caixa Galicia e Caixanova, na que piden ao Executivo autonómico que autorice a fusión entre ambas entidades para crear unha nova.

Segundo o artigo 54.1 da nova Lei de Caixas de Galicia, "as fusiões das caixas de aforros deberán ser autorizadas polo Consello da Xunta, oído o Parlamento de Galicia, previa solicitude conxunta das entidades que pretenden a fusión".

O Goberno galego, á vista desta petición de Caixa Galicia e Caixanova e para dar cumprimento á normativa vixente, remitirá de inmediato esta solicitude á Cámara autonómica, como paso previo ao posterior pronunciamento por parte do Consello da Xunta.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A IMPLANTACIÓN DO NOVO TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO, QUE INCLÚE O ABARATAMENTO DO BILLETE, OS TRANSBORDOS GRATUÍTOS E A TARXETA ÚNICA METROPOLITANA**

- *Os concellos adscritos neste convenio definitivo son 11: Santiago, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra*
- *Estímase que, coas medidas implantadas, se incrementará un 52% o uso do transporte público, permitindo retirar 2.000 vehículos diarios das rúas da cidade da Coruña e o seu contorno*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a autorización do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos da área de transporte metropolitano de Santiago para a implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Santiago (PTM). O novo plan prevé un investimento de máis de 12 millóns de euros na área compostelana por parte das administracións públicas (Xunta e concellos), dos cales máis do 80% serán achegados pola Xunta de Galicia, ademais de facerse cargo do importe dos transbordos.

As condicións do convenio foron consensuadas entre a Xunta e os 11 concellos de xeito que xa foi tramitado e aprobado por todas e cada unha das administracións locais.

A implantación do novo plan incorpora os concellos de Santiago, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra creando unha área metropolitana beneficiada que suma máis de 178.000 galegas e galegos que permitirá coa súa posta en marcha implantar progresivamente 16 novas rutas; das cales 4 serán de interese municipal e as outras 12 de interese metropolitano. En definitiva, garantirase unha maior coordinación entre os medios urbanos e interurbanos mediante a posta en marcha do programa de transbordos gratuítos para os usuarios, un incremento da oferta de servizos e o programa de mellora da información aos usuarios e mellora de infraestruturas (marquesiñas, intercambiadores...).

Estímase que, coas medidas implantadas, se incrementará un 52% o uso do transporte público, permitindo retirar 2.000 vehículos diarios das rúas da cidade da Coruña e o seu contorno. No caso de Santiago, espérase pasar dos 8,3 millóns de viaxes previstas para o ano 2015 a 14,4 millóns como consecuencia do novo plan. Actualmente, na área de Santiago preto do 90% (88,2) dos desprazamentos realízanse en vehículo privado, fronte ao 10% de transporte público. O obxectivo do plan é dobrar a cota de participación do transporte público ata polo menos o 20% en 2015, o que permitirá unha maior mobilidade con menos coches privados.

Por outra banda, o novo plan ten unha actuación moi significativa de aforro para as persoas usuarias, cunha redución de custos mínimos do 40% (chegando ata un 55%), ao incrementanse cos transbordos gratuítos e os descontos por recorrencia (dun 15%



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

adicional para as persoas usuarias que viaxen frecuentemente). A tarificación será por zonas, en lugar de por quilómetros.

**Sistema tarifario**

Coa implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano porase en marcha un novo sistema tarifario zonal, baseado na distribución do territorio da área metropolitana en zonas tarifarias, constituída cada unha delas por un ou varios concellos. O procedemento para o cálculo da tarifa é moi simple e baséase no número de zonas que se atravesan nun desprazamento.

Sinalar que outra das principais vantaxes do novo sistema é a interacción das redes urbanas e interurbanas o que permite facer transbordos gratuítos entre redes cun importante aforro para as persoas usuarias.

Polo tanto, a tarxeta metropolitana de Galicia (TMG) permitirá abaratar o custo de cada viaxe dunha forma moi substancial nun contexto de crise. O novo Plan de Transporte Metropolitano de Santiago permitirá utilizar a tarxeta de transporte urbano no transporte metropolitano, tendo a mesma validez que a TMG.



## O AUDITORIO DE LUGO LICITARASE NA PRIMEIRA QUINCENA DE NOVEMBRO CUN INVESTIMENTO TOTAL DE 20 MILLÓNS DE EUROS

- *O polígono Acea, na zona de Magoi, nuns terreos cedidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo será a localización desta infraestrutura cultural, que se converterá nunha das actuacións máis importantes do Plan HURBE no punto referido aos equipamentos públicos*
- *O remate desta infraestrutura está previsto para o ano 2014*

O Auditorio de Lugo licitarase na primeira quincena de novembro grazas á aprobación hoxe, por parte do Consello da Xunta de Galicia, do gasto que permitirá levar a cabo este proxecto, que conta cun investimento total de 20 millóns de euros.

Tras anos de espera o actual Goberno galego poderá facer realidade unha infraestrutura, que se converterá nun referente do panorama cultural para a cidade do século XXI. Con este novo e definitivo paso dáse cumprimento a un compromiso importante coa Cidade da Muralla e cos seus habitantes, xa que poderán dispoñer dun edificio acorde coa súa importancia de cidade na cal radica un dos monumentos patrimonio da humanidade.

O polígono Acea, na zona de Magoi, nuns terreos cedidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) será a instalación desta infraestrutura cultural, que se converterá nunha das actuacións máis importantes do Plan HURBE no punto referido aos equipamentos públicos e cuxo remate está previsto para o ano 2014.

O edificio integrarase no contorno e coa cidade e mirará, en todo momento, cara ela e para o río Miño, elemento imprescindible de Lugo. Con esta situación, conséguese unha articulación de espazos abertos en transparencia cara á cidade e cara ao xardín de acceso, tanto desde o xardín na parte alta da instalación como desde a fronte da avenida Magoi, destacará o volume horizontal do novo auditorio.

### **Antecedentes**

No inicio deste proxecto o escenario previsto era o cuartel de San Fernando, pero esta localización foi descartada por un informe da UNESCO, polo que decidiu polo Polígono de Acea de Olga na zona de Magoi, espazo cedido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

Esta infraestrutura terá arredor de 15.575 metros cadrados, que se distribuirán en distintas salas: a principal, con capacidade para 900 espectadores, e unha destinada á realización de conferencias e concertos, con capacidade para 300 persoas, así como lugares para actividades teatrais, escola de música e mediateca, entre outros equipamentos. Por outra banda, tamén se prevé un espazo de comúns, con cafetería, gardarroupa, aseos públicos e unha zona de información e venda de entradas. Na súa estrutura, instalarase unha zona destinada a congresos e exposicións e outra a diferentes labores administrativos.


**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O edificio terá varias plantas. A versatilidade dos espazos permiten a utilización independente e simultánea dos espazos de forma natural. Nos primeiros pisos situarase un aparcadoiro de dúas plantas, terá a súa entrada na cota inferior da avenida Magoi. Así mesmo, nesta planta sitúase a entrada á área de exposicións e congresos, control e seguridade.

Na cota superior da avenida teñen o seu lugar os escenarios das dúas salas con acceso directo á cota para carga no escenario principal e camerinos da sala menor. A área administrativa tamén se sitúa neste nivel.

Xa no nivel do xardín, aparecerá a entrada directa ás salas, o acceso á área de congresos e un acceso independente á cafetaría a través do miradoiro. Neste nivel o vestíbulo lineal convértese nun miradoiro continuo coa dobre transparencia cara ao xardín e cara á avenida.

Na planta número 3 está o restaurante e a área restrinxida así como os lucernarios e dobres alturas do vestíbulo.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A área de congresos desenvólvese neste nivel e localizadamente nos niveis 3 e 4.


A cafetería e restaurante organízanse en dous niveis e teñen un posible acceso independente a través do xardín, ademais da conexión co vestíbulo no nivel 2. Dispón dunha terraza miradoiro exterior e no nivel 3 a área de uso restrinxido pódese vincular ao restaurante.

Todo o edificio fai protagonista a luz natural, polo que se propoñen ventás horizontais rasantes, con sistema de escurecemento, abertas cara á ladeira axardinada, buscando a integración dos actos e representacións na natureza xeométrica.

Os espazos internos de apoio a ambas as salas como camerinos ou vestiarios sitúanse no nivel 0, e os seus escenarios no nivel 1, con circulacións internas claras e directas. A sala menor ten, así mesmo, camerinos a nivel de escena.

O acceso de público e vestíbulo prodúcese no nivel 2, co que se logra esa situación óptima para salas de música e teatro de acceder a medio nivel ao chanzo descendendo cara á escena.

A sala principal proxéctase con acabado de madeira de eucalipto. A sala menor proxéctase en madeira clara de Mongoy. As paredes de paneis de madeira fonoabsorbente para as distintas frecuencias, o fondo luminoso das cabinas técnicas e o pavimento claro ou escuro en madeira, segundo a sala, configuran o seu aspecto final.



## **MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ PRETO DUN MILLÓN DE EUROS NA EXECUCIÓN DE SERVIZOS URBANOS EN BAMIO, NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

- *Os traballos desta actuación implican a construción de beirarrúas e aparcadoiros neste punto do Concello de Vilagarcía*
- *A execución deste proxecto beneficiará a preto de 1.400 habitantes de Bamio*
- *Ao remate das obras, a Xunta transferirá ao Concello a titularidade dos treitos en que se actúa*
- *Ademais, con esta actuación complétanse as obras iniciadas o pasado ano nas rúas de Cornazo e Solobeira, nas que a Xunta xa investiu 500.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilagarcía de Arousa co fin de dotar de servizos urbanos na parroquia de Bamio, no Concello de Vilagarcía de Arousa. A través desta colaboración, Medio Ambiente investirá preto dun millón de euros neste proxecto, que implicará construír beirarrúas e aparcadoiros nesta zona do concello.

O treito onde se levará a cabo a construción das beirarrúas correspóndese co tramo situado entre os puntos quilométricos 0 + 810 e o p.q 3 + 890 da estrada Pontecesures-Vilagarcía de Arousa (PO- 548) – Bamio, (PO-192).

Con esta actuación, a Xunta garante aos usuarios destas vías deste concello pontevedrés unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos. En definitiva, mellorase a mobilidade e o desenvolvemento do municipio. Este proxecto da Consellería de Medio Ambiente beneficiará a preto de 1.400 habitantes da parroquia de Bamio.

Cómpre indicar que esta obra forma parte dun convenio de colaboración asinado entre a Administración autonómica e local, no que tamén se recollía a execución de melloras en Solobeira e Cornazo. No caso destes dous últimos proxectos, xa rematados, a Xunta investiu 500.000 euros, polo que o investimento achegado pola Xunta ascende a 1,4 millóns de euros.

### **Obras en Cornazo e Solobeira**

A Consellería de Medio Ambiente continúa un proxecto comezado o pasado ano que tiña por obxecto a construción de beirarrúas nas parroquia de Cornazo e Solobeira. Concretamente, en Cornazo leváronse a cabo entre os quilómetros 4 + 540 e o 5 + 220, e as de Solobeira foron entre os quilómetros 1 + 200 e o p.q 1 + 860.

Grazas ás actuacións realizadas nestes núcleos a sección transversal da vía pasou a ter 12 metros de ancho. Os traballos tamén contemplaron a instalación, baixo as beirarrúas,

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Concello da Xunta

as canalizacións de PVC para a alumeado público; para que así non se deteriorenen polas obras.

**Obrigas da Consellería de Medio Ambiente e do Concello**

A Consellería de Medio Ambiente asume o financiamento do proxecto, 928.324 euros; que supón a cantía que quedaba por executar do anterior convenio. Este importe inclúe os modificados feitos, as revisións de prezos así como as liquidacións das dúas obras xa rematadas. Ademais, Medio Ambiente fará as labores de contratación, execución e dirección das obras.

Pola súa parte, o Concello de Vilagarcía de Arousa poñerá a disposición da Consellería os terreos necesarios para levar a cabo as obras e asumirá a explotación e mantemento das mesmas unha vez estean rematadas.

Por último, unha vez rematadas as obras transferirase ao Concello a titularidade do treitos os que se actuou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA OPERACIÓNS DE FINANCIAMENTO QUE SUMAN 1 MILLÓN DE EUROS PARA EMPRESAS DO TÉXTIL E DA PESCA**

- *Deste xeito, o Goberno galego facilitará ás empresas Vidrio Ourense e Pesquerías Sahorta o acceso ao financiamento que precisan para manter a súa actividade*
- *Mediante a liña de avais e os programas re-Brote e re-Solve +, a Xunta comparte riscos de empresarios con proxectos viables para que acceden ao crédito*

A Consellería de Economía e Industria apoiará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) operacións de financiamento que suman un millón de euros mediante avais por importe de 570.000 euros, segundo as operacións que autorizou o Consello da Xunta para facilitar o acceso ao crédito de dúas empresas que suman 100 empregos e que, deste xeito, poderán manter a súa actividade con normalidade.

Unha das empresas beneficiarias é Vidrio Ourense S.L., que poderá dispor así dun aval por importe de 420.000 euros para acceder a un préstamo bancario de 700.000 euros destinado ao refinanciamento a longo prazo de pasivos a curto e a financiamento de circulante. A empresa ten como actividade o comercio polo miúdo en tendas propias de roupa confeccionadas polo grupo en que se integra, que emprega un cento de persoas no sector téxtil.

Pola súa banda, a coruñesa Pesquerías Sahorta, S.L., empresa dedicada á pesca extractiva, poderá dispor dun aval por importe de 150.000 euros para acceder a un préstamo bancario de 300.000 euros, destinado igualmente a refinanciamento de pasivos e financiamento de circulante.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña xeral de avais do Igape é un instrumento fundamental para que as empresas galegas poidan obter o financiamento que precisen para cubrir as súas necesidades de circulante ou para refinar a longo prazo os seus pasivos a curto prazo. Deste xeito, o Goberno galego comparte os riscos dos empresarios con proxectos viables aprobando avais para que consigan o financiamento bancario que precisan.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 242.094 EUROS A FINANCIAR O PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN DO CLÚSTER AUDIOVISUAL DE GALICIA**

- *O Goberno galego apoiará por primeira vez deste xeito a promoción das producións audiovisuais galegas en mercados exteriores*
- *O Clúster Audiovisual Galego conforma unha alianza estable de 52 compañías do sector audiovisual de Galicia*

A Consellería de Economía e Industria destinará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), 242.094,07 euros a apoiar o financiamento dos plans de desenvolvemento e internacionalización impulsados polo Clúster Audiovisual Galego para potenciar e incrementar a competitividade e capacidade de internacionalización das empresas do sector audiovisual no seu conxunto.

En virtude do acordo autorizado polo Consello da Xunta, o Igape apoiará o financiamento das iniciativas impulsadas polo Clúster Audiovisual Galego (CLAG) en materia de fomento á cooperación, dinamización sectorial e difusión, innovación, desenvolvemento tecnolóxico, formación e, especialmente, internacionalización.

O Clúster Audiovisual Galego é unha entidade asociativa que actúa sen ánimo de lucro e que conforma unha alianza estable de 52 compañías do sector audiovisual galego integradas na cadea de valor do proceso de produción e distribución de produtos audiovisuais e de novas tecnoloxías.

O CLAG estrutura a súa actuación en eixes estratéxicos como internacionalización e promoción, dinamización sectorial, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, e formación. Ten como fin primordial o de contribuír ao desenvolvemento e á consolidación do sector audiovisual galego.

Ante a imparable globalización dos mercados, o Clúster Audiovisual Galego impulsa agora un Plan de Internacionalización que inclúe iniciativas de promoción en foros sectoriais fóra de Galicia e que contarán co apoio da Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, mediante o desenvolvemento do convenio que autorizou o Consello da Xunta.

Esta actuación do CLAG encaixa nas estratexias de apoio á mellora da competitividade e de impulso á internacionalización impulsadas pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape, que inclúe servizos e axudas públicas pero que tamén se apoia na colaboración coas organizacións empresariais e cos clústers máis dinámicos e con ambición de proxectarse ao exterior.



## ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSA INVESTIMENTOS POR VALOR DE CASE 5 MILLÓNS DE EUROS NO CONCELLO DE CERCEDA

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura de dous convenios para afrontar a ampliación do Parque Empresarial do Acevedo e do Parque Acuático co obxectivo de contribuír á nova implantación de proxectos empresariais e mellorar a calidade dos servizos que se prestan neste municipio*
- *Estes novos compromisos coa comarca mineira súmanse a anteriores convenios, que achegan até os 10 millóns de euros a cantidade para afrontar proxectos*
- *O acordos, promovidos pola Consellería de Economía e Industria, teñen como finalidade impulsar o desenvolvemento económico alternativo desta zona tradicionalmente dedicada á minaría do carbón*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía e Industria a sinatura de dous convenios co Concello de Cerceda para a execución do proxecto de ampliación do polígono industrial de Acevedo terceira fase e o proxecto de ampliación do Parque Acuático deste mesmo concello. O departamento que dirixe Javier Guerra mobilizará un total de case 5 millóns de euros, tal e como se recolleu nos acordo entre a Xunta e o o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón.

As novas necesidades de solo industrial fan necesario programar unha nova ampliación do polígono industrial, que contará cunha achega de 4 millóns de euros, coa que contribuír á nova implantación de proxectos empresariais, polo que se considera de vital importancia o proxecto relativo á terceira fase, obxectivo coincidente entre a Consellería de Economía e Industria e o concello de Cerceda para favorecer o desenvolvemento desta comarca mineira galega.

Por outra banda, a Xunta asume tamén a totalidade dos custos que suporá a ampliación do parque acuático do municipio de Cerceda, uns traballos que se prevé que estean finalizados no ano 2011e para os que se destinan 600.000 euros. Estes dous protocolos de colaboración forman parte das actuacións en materia de infraestruturas que se inclúen no Plan do Carbón 2006-2012 que desenvolve a Consellería de Economía e Industria.

O Goberno galego considera fundamental que a mellora da competitividade industrial nas zonas mineiras e a súa sustentabilidade económica, social e ambiental vaian acompañadas pola mellora da calidade de vida nos municipios onde se integran e produzan unha ampliación e mellora nos servizos públicos. De aí que Economía e Industria aposte por este forte investimento no Concello de Cerceda.

Estes convenios súmanse a outros anteriores que teñen o concello de Cerceda como beneficiario, cunha inxección económica que se achega xa aos 10 millóns de euros. Estes acordos permitirán a posta en marcha do proxecto do Centro de Desenvolvemento Tecnolóxico e de Formación, o desenvolvemento das actuacións para

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

a execución do proxecto de ampliación do Polígono Industrial de Acevedo (1ª fase), e a dotación de infraestruturas deportivas no campo do Roxo. Asemade, en virtude destes acordos tamén se levarán a cabo a execución das obras da estrada Burís-Croeda, e o financiamento e construción dun centro de día, fogar residencial para a atención de persoas maiores neste concello coruñés.

Os acordos, promovidos pola Consellería de Economía e Industria, teñen como finalidade impulsar o desenvolvemento económico alternativo desta zona tradicionalmente dedicada á minaría do carbón, coa posta en marcha de infraestruturas que redunden nunha mellora obxectiva das condicións de vida deste municipio e mais na súa dinamización económica.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA 'PORTAS DE GALICIA' VALORADO EN 2.500.000 EUROS

- *A Consellería de Cultura e Turismo impulsará o seu desenvolvemento a través dun convenio de colaboración con Turespaña, a Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras e a Asociación de Empresarios de Turismo e Hostelería Portas de Galicia*
- *Deste plan beneficiaranse 12 concellos ourensáns. Concretamente os de Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Viana do Bolo, Vilardevós e Vilariño de Conso*
- *As actuacións deste plan porán en valor os recursos turísticos destas dúas comarcas ourensáns, un aspecto que influirá sobre o número de turistas e a calidade da actividade turística, dinamizando a economía con incremento nos postos de traballo e niveis de renda nesas comarcas*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración que permitirá o desenvolvemento do Plan de Competitividade Turística 'Portas de Galicia', valorado en 2.500.000 euros. En virtude do autorizado hoxe, a Consellería de Cultura e Turismo, que impulsou o plan, asinará o acordo de colaboración co Instituto de Turismo de España (Turespaña), a Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras, limítrofes con León e Portugal, e a Asociación de Empresarios de Turismo e Hostelería Portas de Galicia. Deste plan beneficiaranse os concellos ourensáns de Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Viana do Bolo, Vilardevós e Vilariño de Conso.

O investimento total do Plan é de 2.500.002 euros, que serán distribuídos en catro anualidades. Así, en 2010 a achega é de 290.376 euros; para o ano 2011 a achega cifrase nun total de 743.949 euros; no ano 2012 o investimento será de 786.283 euros e, por último, no 2013 alcanzará os 679.394 euros. A través do convenio, a Xunta de Galicia asumirá unha terceira parte da contía total, achegando 833.334 euros. Os outros dous terzos serán achegados por Turespaña e a Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras. A Asociación de Empresarios de Turismo e Hostelería Portas de Galicia achegará 60.000 euros en actividades.

Os municipios onde se vai levar a cabo o plan sofren un despoboamento paulatino, e a súa economía baséase principalmente no sector primario. O desenvolvemento do plan permitirá o aumento da demanda e a internacionalización do turismo en toda esa área da provincia de Ourense, así como o aumento de ingresos e rendibilidade, a desestacionalización do turismo, a consolidación do emprego nos servizos complementarios e a diminución da temporalidade e mellora da calidade no emprego. O plan posibilitará, xa que logo, que estas comarcas, con forte potencial turístico, poñan en valor os múltiples recursos naturais e culturais de que dispoñen. O convenio de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

colaboración asinado entre os diferentes organismos estará vixente ata final do ano 2013.

A Xunta de Galicia puxo en marcha distintos plans de dinamización ou competitividade turística en colaboración coa Administración do Estado e coas administracións locais do territorio onde se implementa dende o ano 1997. Estes plans tiveron unha importante repercusión sobre o turismo da zona onde se levou a cabo, incrementando o número de turistas, o gasto destes, a implantación de empresas turísticas na zona, fixando poboación e recuperando o patrimonio cultural e natural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**O SERGAS INCREMENTA NUN 9,5% AS INTERVENCIÓNS EN XORNADA ORDINARIA E AUMENTA A POBOACIÓN CON TARXETA SANITARIA AO TEMPO QUE REDUCE A ESPERA MEDIA**

- *A conselleira de Sanidade presentou ao Consello da Xunta un informe sobre a evolución dos tempos medios de espera a 30 de setembro de 2010*
- *Este aumento da actividade únese a un incremento da poboación con tarxeta sanitaria e reduciuse o tempo medio de espera*
- *Os datos reflicten que en todos os centros hospitalarios os pacientes máis graves esperan por debaixo dos 30 días*
- *A setembro de 2010 os pacientes máis graves esperan unha media de 26,3 días menos que en 2009, e 33,3 días menos que en 2008*
- *A media global de espera cirúrxica nos hospitais do Sergas, sen contar Povisa, é de 84 días, unha redución de 6,1 días con respecto do ano anterior*
- *Para unha primeira consulta de enfermidade, o tempo medio diminuíu en 3,6 días entre setembro de 2009 e setembro de 2010, situándose en 75,8 días*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, destacou que o tempo medio de espera en pacientes de prioridade 1 sitúase en todos os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde por debaixo dos 30 días.

Farjas Abadía, que presentou un informe ao Consello da Xunta sobre o tempo de espera media a 30 de setembro de 2010, destacou que o seu departamento continúa garantindo o compromiso asumido de mellorar a atención en tempo e de xestionar a lista de espera tendo en conta criterios homoxéneos con base na gravidade do paciente, á capacidade de resolución da intervención e tamén criterios sociais.

Segundo as prioridades, a 30 de setembro de 2010, os pacientes de prioridade 1 (con patoloxías máis graves) presentan un tempo medio de espera de 21 días. Os datos de evolución neste mesmo período dos últimos anos reflicten que en 2010, os pacientes con patoloxías máis graves esperan unha media de 26,3 días menos que o ano anterior, e 33,3 días menos que en 2008.

Tamén se observa a evolución nos tempos medios de espera para os pacientes con patoloxías de prioridade 2. O tempo medio de espera sitúase en 78,8 días, cunha redución de 5,5 días respecto de setembro do ano 2009 e de 3,2 días respecto do 2008.

**Menos persoas esperan menos tempo**

O número de pacientes que están pendentes dunha cirurxía a 30 de setembro de 2010 é de 532 persoas menos respecto do mesmo período do ano anterior. Actualmente, esperan 35.713 persoas fronte ás 36.245 de setembro de 2009.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A media global de espera cirúrxica nos hospitais do Servizo Galego de Saúde a 30 de setembro de 2010 é de 84 días, isto é, 6,1 días menos no mesmo período do ano anterior. Contando o hospital de Povisa, en Vigo, a espera global é de 90,7 días, cunha diminución de 1,4 días respecto de setembro de 2009.

Por especialidades, o tempo medio de espera de prioridade 1 en setembro de 2010 é de 23,6 días en ansioloxía e cirurxía vascular; 6,7 días en cirurxía cardíaca; 9,3 días en cirurxía maxilofacial; 12,5 días en otorrinolaringoloxía; ou 15,2 en dermatoloxía.

O tempo medio para unha primeira consulta de enfermidade diminuíu en 3,6 días entre setembro de 2009 e setembro de 2010, situándose en 75,8 días. Así, no ano 2009 a espera media para unha primeira consulta era de 79,4 días dun total de 231.293 pacientes.

Sobre as probas diagnósticas, o tempo medio global para acceder a unha proba diminuíu en 11 días respecto de setembro de 2009.

**Máis actividade e rendemento cirúrxico**

Os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde realizaron un total de 74.224 intervencións totais en xornada ordinaria a 30 de setembro, o que supón un incremento do 9,5% con respecto do ano anterior, cando se situaban en 67.771 intervencións realizadas.

Convén sinalar que, malia este incremento da actividade, e tamén un incremento da poboación con tarxeta sanitaria, no contorno dos 12.000 pacientes/ano, o Servizo Galego de Saúde reduciu o seu tempo medio de espera.

Por outra banda, o rendemento cirúrxico en xornada ordinaria acadou o 72,46%, cun incremento de 2,8 puntos en relación co rendemento cirúrxico do ano 2009, e de 5,01 puntos con respecto do ano 2008. Estas cifras sitúanse moi preto do obxectivo marcado para o ano 2010 de acadar o 75% a finais de ano.

Con respecto do aumento da actividade en consultas en xornada ordinaria, este ano, no intervalo xaneiro-setembro, fixéronse máis de 2,7 millóns de consultas, é dicir, 60.688 máis que no mesmo período do ano anterior. Tamén se incrementou a actividade de probas diagnósticas, por exemplo realizáronse 55.681 endoscopias (isto é, 7.092 máis que o pasado ano); 147.418 TAC (2.959 máis que no exercicio anterior); e 56.780 resonancias magnéticas (3.415 máis que entre xaneiro e setembro de 2009).



## O VOLUME DE VIAXEIROS ALOXADOS EN SETEMBRO EN HOTEIS E PENSÍONS DE GALICIA AUMENTOU UN 16,3% RESPECTO DO MESMO PERÍODO DO ANO PASADO

- *Trátase da cifra máis elevada de toda a década. O dato contrasta coa media nacional, que se situou só nun incremento do 7,10%*
- *As pernoitas durante ese mes experimentaron unha suba aínda maior, en concreto do 17,3%. Estes datos contrapóñense coa media nacional, que quedou nun 8,31%*
- *Os valores deste mes en comparación co último Xacobeo reflicten unha medra de case o 2,54% no caso do volume de viaxeiros e do 3,16% no das pernoitas*
- *O volume de viaxeiros aloxados en establecementos turísticos de xaneiro a setembro aumentou un 12,38% respecto do mesmo período do ano pasado. No caso das pernoitas o incremento foi do 10,25% en relación cos nove primeiros meses de 2009*
- *Os prezos hoteleiros en Galicia subiron no pasado mes de setembro un 3,3%, o que supón o incremento máis alto de todas as comunidades autónomas. Este dato contrasta coa tendencia do conxunto de España, onde de media os prezos caeron un 1,6%*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o último informe elaborado a partir dos datos oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE), en que se constata que o volume de viaxeiros aloxados nos hoteis e pensións de Galicia durante o mes de setembro supón un crecemento do 16,2% en relación co pasado ano, mentres que no ámbito nacional se situou só nun 7,10%.

As pernoitas dos establecementos hoteleiros galegos nese mes experimentaron unha suba aínda maior, en concreto do 17,3%. Estes datos contrapóñense coa media nacional, que quedou nun 8,31%. Galicia lidera, pois, o crecemento tanto dos viaxeiros como das pernoitas nos establecementos hoteleiros no conxunto do Estado, superando neste caso o comportamento de comunidades como Canarias, Baleares, Cataluña ou o País Vasco. A comparativa co último Ano Santo 2004 amosa mellores cifras tamén de viaxeiros e pernoitas, cun incremento medio do 2,54% e do 3,16%, respectivamente.

Os datos de setembro veñen reforzar unha tendencia que se vén observando dende marzo deste ano, momento a partir do cal tanto o volume de viaxeiros como de pernoitas nos establecementos hoteleiros experimentan subas importantes, tanto en relación co ano pasado como co último Xacobeo, acadando as cifras máis elevadas da década.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Acumulado do ano**

Os datos do INE reflicten que, de xaneiro a setembro, se rexistrou un aumento do 12,38% no volume de viaxeiros aloxados en establecementos turísticos de Galicia respecto do mesmo período do ano pasado. No tocante ás pernoitas o aumento foi do 10,25%. A comparativa deste Ano Santo 2010 con respecto ao anterior Xacobeo 2004 sitúa o aumento no número de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros nun 4,1%, mentres que o das pernoitas se sitúa nun 4,4%.

Nos nove primeiros meses do ano a conxuntura turística de Galicia mellora en gran medida o comportamento observado no conxunto de España, onde viaxeiros e pernoitas soben só un 6,25 en ambos os casos. Nese contexto, Galicia lidera o crecemento interanual do volume de viaxeiros e rexistra o terceiro mellor dato de incremento das pernoitas, por debaixo neste caso de Madrid e Cataluña. Galicia sitúase, pois, como unha das comunidades máis dinámicas en termos de afluencia turística nos establecementos hoteleiros, segmento de maior peso no conxunto da oferta de aloxamento regrado.

**Prezos hoteleiros**

Os prezos hoteleiros en Galicia subiron no pasado mes de setembro un 3,3%, o que supón o incremento máis alto de todas as comunidades autónomas. Este dato contrasta coa tendencia do conxunto de España, onde de media os prezos caeron un 1,6%. A tarifa media diaria aplicada nos hoteis e pensións incrementouse nun 2,8% respecto do mesmo mes do pasado ano, o que supón a cuarta subida máis alta das comunidades autónomas. Este comportamento de novo contraponse ao observado no conxunto do Estado, onde os prezos medios –entendidos como tarifas medias aplicadas por tipo de cliente- caen un 0,6%.

Éste é o quinto mes consecutivo e o sétimo deste ano en que a facturación por cuarto ocupado rexistra incrementos en termos interanuais, o que redonda nunha mellora dos indicadores de rendibilidade do sector. Neste mes tamén se incrementaron os ingresos medios por cuarto dispoñible -RevPAR- en relación co pasado ano, concretamente un 16,6%, fronte ao 5,2% que se rexistrou no ámbito estatal. Este incremento é o máis elevado das comunidades autónomas. Así mesmo, é o sétimo mes consecutivo en que se rexistra unha mellora da rendibilidade do sector medida a partir dos ingresos medios por cuarto dispoñible, rexistrando en setembro o maior dos incrementos do ano.

O incremento da ocupación no sector – froito dunha maior afluencia turística á nosa comunidade en termos de pernoitas hoteleiras- , e a suba xeneralizada dos prezos hoteleiros –medidos neste caso polas tarifas medias aplicadas a cada tipo de cliente- son os factores que dan lugar a melloras constantes e destacadas do principal indicador de rendibilidade empresarial: o RevPAR. Esta circunstancia vense observando dende o mes de marzo deste ano, acadando xustamente en setembro os incrementos máis notables de todo o 2010.